




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Camariñas. Parroquias: Santa María de Xaviña e unha estreita franxa oriental no Espírito Santo de Camelle. Extensión: 2,15km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa na que acontecen áreas de microcantís e praias de cantos e areosas con outras que posúen cantís baixos. O debuxo costeiro xeral é dunha gran enseada, pero se interpón a península da Punta do Capelo, que separa dúas enseadas, a de cabanas ao este e a de Culludo ao oeste. Sen embargo a unidade é un gran anfiteatro irregular, con corredores que ascenden polas vertentes seguindo as liñas de debilidade tectónica. A costa é moi recortada, labiríntica polo retroceso diferencial ante o dismantelamento de formas graníticas. A chaira costeira está formada por unha cubeta de alteración suavemente deprimida. O contacto entre esta e as vertentes é brusco, debido a que o suco principal que alonga cara ao este a unidade é tectónico. Nel aséntase a aldea de Santa Mariña. Nas partes altas a erosión do macizo granítico deu lugar a formas dómicas acuminadas, córneas e con cristas que resaltan na paisaxe. Estas chegan a acadar os 250m snm. no Monte da Gorita.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence litoloxicamente á granodiorita biotítica tardihercínica coñecida como de Tipo Traba. A fronte da unidade contén depósitos de bloques, cantos e area. Nos cantís aparecen depósitos máis antigos de orixe fría ou coluvial.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O val de Santa Mariña inclúese no ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. As precipitacións máximas acumuladas son de 1400mm sen baixar de 1200mm anuais.

OS SOLOS

Solos esqueléticos onde aflora o substrato granítico en superficie no Monte da Vela. A cabeceira da unidade e gran parte da vertente teñen solos algo máis evolucionados do tipo regosol mentres que no contorno de Santa Mariña e na fachada costeira os solos son máis profundos do tipo cambisol dístrico.


AS AUGAS

A rede hidrográfica artículase nun curto e encaixado val sucado polo arroyo de Santa Mariña, que desemboca na Enseada de Colludo, na masa de Augas Costeiras de Cabo Veo (20135).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertencente ao LIC Costa da Morte agás o núcleo e áreas de cultivo de Santa Mariña, e ao IBA Costa da Morte. Afloramentos graníticos e o seu modelado costeiro determinan a distribución e tipo de hábitats nesta costa baixa acantilada. Domina o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos, adquirindo grande extensión o hábitat 1210 de refugallos mariños acumulados en plataformas rochosas e praias de cantos e bloques. Na península de Santa Mariña hai unha acumulación areosa com dunas moi fragmentadas e degradadas. A chaira costeira presenta afloramentos rochosos e sectores deprimidos com hábitats de mato seco costeiro (4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans) e algúns enclaves con breixos húmidos do 4020, de Erica ciliaris e Erica tetralix. Os afloramentos destacan aos hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Ladeiras e cimas con mato do 4030 e rochosos do 82. Nas inmediacións de Santa Mariña hai algúns bosquetes de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade coexisten os usos agrícola e forestal, aínda que cabe destacar pola súa singularidade o uso pesqueiro asociado ao pequeno porto de Santa Mariña que acolle a embarcacións tradicionais dedicadas e a pesca de baixura. Entre as coberturas do solo máis próximas á liña de costa dominan as formacións vexetais costeiras, conformadas por matogueiras acidófilos tolerantes ás duras condicións ambientais destas zonas. Algo máis ao interior, en maior ou menor grao, as ladeiras e montes da unidade foron ocupados por extensas plantacións de piñeiros. Nalgúns puntos, os claros deste arboredo de repoboación deixan paso a un sotobosque típico da matogueira de substitución destas áreas. Estas coberturas conforman o elemento de textura máis característico da paisaxe desta unidade, aínda que nas ribeiras do arroyo de Santa Mariña, o fondo de val está poboado por especies ripícolas autóctonas, que se mesturan coas alóctonas de repoboación a medida que aumenta a distancia ao curso fluvial. Ao leste do val, ocupando unha topografía favorable, aséntase a pequena poboación de Santa Mariña, vinculada aos cultivos en minifundio da veiga.

MORFOLOXÍA

A forma da unidade adáptase á conca fluvial do arroyo de Santa Mariña, estreita e alargada de SSE-NNO, finalizada cara á costa nas enseadas de Cabana e O Colludo, que en conxunto formarían un amplo entrante costeiro, de non ser pola punta de Capelo, que as divide. A aldea de Santa Mariña está incluída nos Núcleos de Identidade Litoral pois se trata dun asentamento tradicional cuxa localización estratéxica na fachada litoral confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. Este núcleo fundacional queda situado no centro da unidade, na marxe dereita do val do arroyo, e adopta unha morfoloxía concentrada aínda que laxa, disposta en paralelo ao curso fluvial e mostrando unha disposición típica dos núcleos tradicionais. A rede viaria encáixase na xeomorfoloxía do terreo, seguindo o val desde o interior á costa, e ramificándose en canto as pendentes equilibranse na chaira costeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A mobilidade terrestre da unidade restrínxese a unha estrada de carácter municipal que segue o curso do río Santa Mariña, e cuxos principais nodos son a aldea do mesmo nome no centro da unidade, e o seu porto, na Enseada de Colludo. Ademais, a aldea, está comunicada por unha estrada que perfila os relevos máis abruptos das vertentes costeiras, de leste a oeste, entre Arou e Camariñas. Outras vías sen asfaltar e de menor consideración, dan acceso ás elevacións nas que se sitúan os aeroxeradores do parque eólico de Pena Forcada; e a determinadas zonas da costa na chaira costeira. Dentro deste apartado destaca tamén o embarcadero de Santa Mariña, construído ao abrigo dunha enseada natural e acondicionado mediante a construción dun espigón e unha plataforma de formigón. Dá servizo a pequenas embarcacións de baixura.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Cabe citar determinadas edificacións no núcleo de Santa Mariña que en conxunto ou individualmente resultan pintorescas, cómpre destacar a Igrexa ou Casa Flor, ambas emprazadas na aldea. De forma illada, existen restos dunha estrutura defensiva no Alto dá Gurita, no Monte dá Vea.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta unidade, do mesmo xeito que boa parte deste tramo costeiro, determínanos a súa costa case inalterada, e a falta de ocupación humana do territorio. Aínda que a influencia humana esténdese por toda a área, xa sexa en forma de plantacións forestais, do parque eólico de Pena Forcada, ou do acondicionamento do porto de Santa Mariña, as formas do relevo e a natureza seguen presentando unha influencia determinante na conformación da paisaxe. Todas as infraestruturas veñen determinadas pola disposición do relevo, principalmente polo val encaixado do arroio de Santa Mariña; e na costa, polo tramo costeiro das enseadas do Colludo e Cabanas, partidas polo promontorio de Punta Capelo. A dominancia destas formas agrestes incrementa a sensación de forza que transmite esta unidade, fronte á fereza do océano.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As vertentes acantiladas de perfil composto de unidade de Santa Mariña pertencen, xunto con O Trece e os vales de Xaviña, ao Espazo de Interese Paisaxístico Monte da Insua. A paisaxe interior da unidade está caracterizada por unha conca visual estreita, limitada por ladeiras reforestadas con arboredo xeralmente de repoboación. Cara ao norte, as fortes pendentes das vertentes entre as cimas montañosas e a costa, aumentan a calidade paisaxística, xa que permiten agrupar nunha mesma panorámica a aldea de Santa Mariña, a batida costa de Punta Capelo, e o mar. A inclusión de boa parte da unidade na ZEPVN -LIC da Costa da Morte, da que só se exceptúa unha pequena área próxima ao núcleo de poboación, engade valor natural a este ámbito, acentuado na costa pola declaración da ZEPA Costa da Morte. Como puntos estratéxicos de observación paisaxística, determináronse varias localizacións das cimas montañosas que encerran o val: dous polo leste, no Alto da Cruz e na Costa de Santa Mariña; e outro no oeste, nun punto de referencia polo seu valor patrimonial como o Alto da Gurita. Ademais, propúxose un cuarto enclave no peirao de Santa Mariña, que permite a observación didáctica das unidades B2.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



